



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE AGOSTO DE 2020**

**2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para a execución de muro de contención na parcela sita na Rúa dos Cabalos-Rúa Torreira de Arriba, 48. LIC/794/2020.** Acórdase conceder a licenza.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de terreno destinado a viario contida en escritura outorgada ante notario e conceder licenza de obra nova para construcción de edificación destinada a 22 apartamentos turísticos en Avda. Romero Donallo, 90. LAP/203/2019.** Acéptase a cesión do citado terreo e acórdase conceder licenza de obra nova para a construcción de edificación destinada a 22 apartamentos turísticos en Avda. Romero Donallo, 90, solicitada antes da moratoria, concretamente o 8 de maio de 2019.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo de suspensión de data 20/01/2020 do procedemento de outorgamento de licenza para cambio de uso para 5 apartamentos turísticos na edificación en construcción sita na Rúa da Estrada, 33. LAP/623/2019.** Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto contra o citado acordo de suspensión.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo de suspensión de data 20/01/2020 do procedemento de outorgamento de licenza para construcción de hotel e aparcamento na Rúa Gómez Ulla,3. LAP/585/2019.** Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto contra o citado acordo de suspensión.

**6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa a aprobación da proposta de participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana do plan estatal de vivenda 2018-2021 na súa anualidade 2020.** Apróbase a participación no programa de fomento da rexeneración e renovación urbana do Plan Estatal de Vivenda na súa anualidade 2020. O financiamento máximo dispoñible imputable á anualidade 2020 para a totalidade das Áreas de Rehabilitación Integral declaradas no Concello , de 332.750 euros (275.000 euros do Ministerio de Fomento e 57.750 euros da Comunidade Autónoma) proponse a seguinte distribución:

- Casco Histórico: 65.925 euros (48.600 do Ministerio e 17.325 da Xunta)
- Grupo de Vivendas Compostela Quiroga Palacios: 115.725 euros (98.400 do Ministerio e 17.325 da Xunta).
- Barrio de Vite: 151.100 euros (128.000 do Ministerio e 23.100 da Xunta).

O financiamento total para todas as ARIs do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, nestes periodo de tempo, ascende a 1.064.300 euros.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e GADISA RETAIL S.L.U. para as festas do Apóstolo 2020.** Apróbase o convenio, a través do cal GADISA RETAIL aporta 3.000 euros más IVE para colaborar nas festas do Apóstolo. O concello incluirá o logotipo e anagrama da empresa nos programas das festas do Apóstolo, así como nos carteis e mupis; permitirá a colocación de elementos publicitarios de GADISA nos concertos das festas e incluirá a GADISA nas enumeracións de colaboradores. A vixencia do convenio é ata o 31 de decembro.

**8.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito relativos a:

- Gastos por prestación do servizo de seguemento de medios durante o mes de abril e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **907,5 euros** a favor e Orion Press SLU.
- Gastos dos diferentes servizos sen contrato en vigor aprobación de indemnización substitutiva por importe de **123.687,57 euros** a favor de varios proveedores: Ricoh España SLU (mantemento de copiadoras), Comercializadora Regulada Gas & Power SA (subministro de gas e gasóleo), Ascensores ENOR SL (mantemento ascensores) e ISS Facility Services SA (servizo de limpeza das distintas dependencias e instalación municipais no período de marzo a xuño).
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e productos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, incluidos na relación de facturas dos meses de xuño e xullo, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **8.130,37 euros** a favor e Distribuciones Froiz SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e productos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, incluidos na factura de xuño, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **14.371,98 euros** a favor de Alcampo SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e productos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, incluidos na relación de facturas de maio e xuño, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **5.164,19 euros** a favor de Centros Comerciales Carrefour SA.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de consumibles de impresión para varios departamentos e mantemento do aplicativo SICALWIN no período do 12/06/2020 a 11/07/2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **3.370,8 euros** a favor de Soluciones Informáticas SLU.
- Gastos por prestación do servizo de lacería do período maio e xuño de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **16.281,71 euros** a favor e Ethical Services for Animals SL.
- Gastos por prestación do servizo de lacería do período abril de 2020, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de **5.194,36 euros** a favor e Ethical Services for Animals SL.

**9.- Convalidación de gastos.** Apróbase convalidade os gastos correspondentes aos seguintes contratos:

- Distintos gastos por importe de **23.382,98 euros** correspondentes a obras menores: CYE Contro y Estudios SL (obra de emergencia do muro de Costiña do Monte: 8.167,5 euros), Universo Nanube SL (ampliación do proxecto básico e de execución

do Espazo Apego: 7.400,54 euros), e Victorio Otero Sánchez (traballo inmoble Casas Reais para dependencias municipais: 7.814,94 euros).

- Contratos de suministración de alimentos e productos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social adxudicados á empresa Distribuciones Froiz SAU e tramitados polo porocedemento de tramitación de emerxencia motivados pola COVID-19, por importe de 98,09 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concertación dunha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento de investimentos e transferencias de capital por importe de 1.200.000 euros, con previa apertura de crédito.** Acórdase adxudicar o contrato de préstamo, con previa apertura de crédito á entidade LIBERBANK, por importe de 1.200.000 euros, cun Euribor trimestral de +0,64: sen xuros de demora.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais, Barrios e Obras relativa á autorización da actuación por emerxencia en muro de rúa Dolores Rodeiro Boado.** Acórdase autorizar a actuación de emerxencia iniciada polo Servizo de Proxectos e Obras pola caída dun muro na Rúa Dolores Rodeiro Boado, ocorrida na madrugada do día 12/08/2020.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Alumeado Público relativa á aprobación do Proxecto de alumeadoo público na Rúa das Estrelas.** Apróbase o citado proxecto de alumeadoo por un importe de 68.050 euros (IVE incluído).

**13.- Proposta da alcaldía para dar conta da sinatura do convenio de cooperación entre a Asociación Área Empresarial do Tambre e o Concello de Santiago para fomentar e impulsar o desenvolvemento dun polo de biotecnoloxía e outros obxectivos marcados no pacto pola industrialización de Compostela no marco do programa COMPOSTELA MÓVESE 2020 COVID-19.** Dase conta da sinatura do convenio.

**14.- Dar conta de Sentenzas.** Dase conta das seguintes sentenzas:

- Sentenza nº 133/2020: Impugnación dun despido por parte dun traballador contratado durante 9 meses a tempo parcial polo concello de Santiago. A persoa demandante consideraba que se trataba dun contrato por obras ou servizo e, polo tanto as modificacións no seu posto realizadas polo Concello constituirían fraude. O xulgado acepta que o traballador desempeñe na súa modalidade contractual funcions permanentes, pero sanciona que o Concello teña modificado o lugar e funcóns do contrato. Contra esta resolución cabe interpor recurso de suplicación.
- Sentenza 135/2020. Recoñecese á persoa demandante o seu dereito a percibir as diferenzas retributivas entre os postos de nivel 22 e 24, que entende a sentenza, estaba realizando. Contra esta resolución cabe recurso de suplicación.

**15.- Dar conta das Resolucóns das Concellerías Delegadas.** Dase conta.